

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0843	Coloración capilar	2023/2024	12	210	252

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA FRANCO MEIRE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta Programación vai dirixida o alumnado do Ciclo Formativo de Grao Medio de Perruquería, pertencente a Familia Profesional de Imaxe Persoal, que se desenvolve nun centro de Ensinanza Secundaria e Bacharelato da Comunidade Autónoma Galega, situado en Bueu, (Pontevedra). Neste centro impártense ademais, Bacharelato e EPA para adultos e ensinanzas de formación profesional da familia de Imaxe Persoal, Fabricación mecánica, Administrativo,... en horario nocturno e diúrno.

Este módulo capacita ó alumno/a para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente de perrucaría, establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal desempeñando servizos de perrucaría, asesoramento e atención á clientela, comercialización de produtos, podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.

As ocupacións e postos de traballo mais relevantes son os seguintes:

Recepcionista en empresas de perrucaría ou estética.

Axente comercial en empresas do sector.

Asesor/vendedor-a/demostrador en perfumerías e droguerías.

Equipos técnicos dependentes de laboratorios e marcas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da perrucaría e estética, como técnicos, vendedores, etc.

Perruqueiro/a ou Técnico Estilista en:

Salóns de perrucaría

Departamentos de perrucaría de empresas dedicadas ó tratamento da imaxe persoal integral.

Departamentos de perrucaría de canles de televisión, productoras.

Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servizos fúnebres.

Balnearios, hoteis, ximnasios, cruzeiros.

Técnico en coloración capilar.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Proposta de cambios de cor	Estudo e proposta de cambios de cor	33	10
2	Preparación da área de traballo e das operacións previas aos cambios de cor	Práctica da preparación da área de traballo e das operacións previas aos cambios de cor	36	10
3	Aplicación de medidas e técnicas previas	Práctica e aplicación de medidas e técnicas previas	30	20
4	Aplicación de técnicas de coloración	Práctica e aplicación de técnicas de coloración	62	25

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Aplicación de técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas	Estudo, práctica e aplicación de técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas	73	25
6	Establecemento de pautas de asesoramento nos cambios de cor	Estudo de pautas de asesoramento nos cambios de cor	18	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Proposta de cambios de cor	33

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Propón cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a escala de tons da cor natural do cabelo.
CA1.2 Distingúronse os tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores.
CA1.3 Identifícaronse os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor.
CA1.4 Examinouse o estado do coiro cabeludo e do cabelo.
CA1.5 Recoñeceuse a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso.
CA1.6 Recoñecéronse as características especiais doutras zonas pilosas.
CA1.7 Diferenciáronse os tipos de cambios de cor.

Criterios de avaliación
CA1.8 Identifícaronse as tendencias de moda na coloración do cabelo.
CA1.9 Deseñouse a ficha da clientela.
CA1.10 Identifícaronse as necesidades e as demandas da clientela para a proposta de cambio.
CA1.11 Rexistráronse na ficha técnica os datos obtidos.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Cor natural do cabelo: características e escala de tons e reflexos.</p> <p>Teoría da cor e a súa influencia nos procesos de cambios de cor. Propiedades da cor: ton, intensidade e reflexo. Escalas de tons, reflexos e matices. Cartas de cores.</p> <p>Identificación dos aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. Estudo estético. Estudo das características do coiro cabeludo e do estado do cabelo. Características especiais doutras zonas pilosas: barba, bigote e cellas. Influencia das alteracións cromáticas do cabelo nos procesos de cambios de cor.</p> <p>Clasificación dos procesos de cambios de cor capilar: segundo a duración dos efectos, a composición dos cosméticos e a acción sobre o talo capilar.</p> <p>Estilos nos cambios de cor: tendencias.</p> <p>Ficha técnica da clientela.</p> <p>Proposta de cambios de cor: Análise das necesidades e das demandas da clientela. Adaptación ás necesidades e demandas, e ás características persoais.</p>

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación da área de traballo e das operacións previas aos cambios de cor	36

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a área de traballo e realiza as operacións previas aos cambios de cor, e xustifica a elección de medios e a preparación do produto.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as instalacións onde se realizan os cambios de cor capilar.
CA2.2 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.3 Identifícaronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela.
CA2.6 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA2.7 Caracterizáronse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de cambios de cor.
CA2.8 Identifícaronse as normas de hixiene e desinfección imprescindibles na área de cambios de cor.
CA2.9 Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis adecuados á área de cambios de cor.
CA2.10 Preparouse a área de traballo para os cambios de cor.
CA2.11 Recoñecéronse os utensilios, os materiais e os equipamentos necesarios para os cambios de cor.
CA2.12 Xustificouse a selección de cosméticos para o cambio de cor.
CA2.13 Xustificouse a selección produto oxidante segundo as características do pelo.
CA2.14 Realizáronse os cálculos volumétricos para a dilución do oxidante en función das necesidades.
CA2.15 Realizouse a mestura dos cosméticos para o cambio de cor.
CA2.16 Establecéronse as condicións de seguridade e hixiene na preparación e na manipulación de cosméticos.
CA2.17 Determináronse os criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Área de cambios de cor capilar: espazos, equipamento e ambiente.</p> <p>0Criterios de selección do produto colorante, do produto oxidante e do cosmético descolorante: pautas de preparación e manipulación.</p> <p>Cosméticos específicos para os cambios de cor en cellas.</p> <p>Criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización: pautas de aplicación.</p> <p>Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).</p> <p>Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.</p> <p>Importancia do traballo en equipo.</p> <p>Recepción e atención á clientela para o proceso de cambios de cor. Normas para a primeira cita.</p> <p>Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.</p> <p>Seguridade e hixiene nos procesos de cambios de cor. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.</p> <p>Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante os procesos de cambios de cor. Hixiene postural e ergonomía.</p> <p>Utensilios e materiais: descrición, características e pautas de utilización.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Aplicación de medidas e técnicas previas	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica medidas e técnicas previas á coloración e á descoloración, e analiza o protocolo de aplicación.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Especificáronse as medidas de acomodación e protección da persoa usuaria e da profesional.
CA3.2 Xustificouse a aplicación da proba de tolerancia á tintura.
CA3.3 Identificáronse as pautas de aplicación da proba de tolerancia.
CA3.4 Determináronse os casos en que estea indicado aplicar técnicas previas.
CA3.5 Diferenciáronse e establecéronse as pautas de aplicación das técnicas previas.
CA3.6 Xustificouse a elección das técnicas previas.
CA3.7 Aplicáronse as técnicas previas de mordente, prepigmentación ou decapaxe.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Medidas de seguridade nos procesos de cambio de cor capilar: criterios de preparación e acomodación da clientela e medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
Proba de tolerancia: pautas e criterios de realización.
Técnicas previas á coloración permanente: procedementos de traballo.
Precaucións: técnicas de mordente, prepigmentación e decapaxe.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Aplicación de técnicas de coloración	62

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as bases científicas e os fundamentos da coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo e doutras zonas pilosas.
CA4.2 Identificáronse as fases do proceso da coloración temporal, semipermanente e permanente.
CA4.3 Diferenciáronse as pautas de aplicación dos colorantes temporais, semipermanentes e permanentes.
CA4.4 Relacionáronse os tipos de coloración temporal, semipermanente e permanente coas técnicas de aplicación.
CA4.5 Identificáronse as características dos cosméticos usados nos cambios de cor doutras zonas pilosas, como barba, bigote e cellas.
CA4.6 Estableceuse a secuencia dos pasos que cumpra seguir nas técnicas de coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo.
CA4.7 Aplicáronse diversos tipos de técnicas de coloración parcial.
CA4.8 Distinguíronse as técnicas complementarias nos procesos de coloración.
CA4.9 Identificáronse as variables que determinan o proceso de coloración.
CA4.10 Avaliouse o resultado obtido.
CA4.11 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Proceso de coloración temporal e semipermanente. Técnicas de aplicación de colorantes vexetais, metálicos sintéticos e mesturas: formas cosméticas, procedemento, fases e pautas de aplicación.



Contidos
Procesos de coloración permanente total: procedemento, fases e pautas de aplicación. Factores que interveñen na aplicación. Técnicas complementarias.  Variables que determinan o proceso de coloración.  Control do proceso.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicación de técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas	73

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o procedemento de traballo e o resultado final.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Analizáronse os fundamentos da descoloración.
CA5.2 Determináronse as fases do proceso de descoloración.
CA5.3 Establecéronse as variables que afectan o proceso de descoloración.
CA5.4 Identificáronse as técnicas de hidratación do cabelo postratamento.
CA5.5 Aplicáronse cosméticos descolorantes sobre cabelo con cor natural e sobre cabelo tinguido.
CA5.6 Relacionouse o grao de descoloración co tempo de exposición, como factor determinante do proceso.
CA5.7 Utilizáronse diversas técnicas de descoloración para a realización de mechás.
CA5.8 Realizáronse técnicas de retoques.

Criterios de avaliación
CA5.9 Especificáronse as medidas de precaución e normas de seguridade.
CA5.10 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Fundamentos da descoloración.</p> <p>Variables ou factores que determinan o proceso de descoloración. Métodos e técnicas para acelerar o proceso: calor húmida, vapor, calor seca, infravermellos, etc.</p> <p>Técnicas da descoloración total do cabelo e outras zonas pilosas: fases e tempos do proceso. Pautas de aplicación do descolorante en cabelos naturais e tinguidos.</p> <p>Técnicas da descoloración parcial do cabelo e outras zonas pilosas: fases e tempos do proceso. Pautas de aplicación con gorro, con papel, con peite, etc.</p> <p>Descoloración como técnica previa á coloración.</p> <p>Procedemento de aplicación de retoques.</p> <p>Precaucións e normas de seguridade para a descoloración.</p> <p>Control do proceso de descoloración.</p>

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Establecemento de pautas de asesoramento nos cambios de cor	18

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Establece pautas de asesoramento, determinando os coidados e o mantemento da cor.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Relacionáronse as características do cabelo cos cosméticos de mantemento.
CA6.2 Vinculáronse as pautas de mantemento coa permanencia da cor.
CA6.3 Identificáronse as precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados.
CA6.4 Propuxéronse medidas para mellorar o resultado do servizo.
CA6.5 Determináronse os criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos.
CA6.6 Obtívose información sobre o grao de satisfacción da clientela.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
<p>Cosmética reparadora de mantemento do cor. Criterios de selección e manipulación.</p> <p>Asesoramento na venda de cosméticos de mantemento e coidados do pelo descolorado e coloreado.</p> <p>Pautas para o mantemento da cor e coidado do pelo descolorado.</p> <p>Parámetros que definen a calidade nos procesos de cambios de cor capilar.</p>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

<p>UD1:Proposta de cambios de cor</p> <p>CA1.1. Identificouse a escala de tons da cor natural do cabelo.</p> <p>CA1.2. Distinguíronse os tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores.</p>
---

CA1.3. Identifícanse os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor.

CA1.4. Examinouse o estado do coiro cabeludo e do cabelo.

CA1.5. Recoñeceuse a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso.

CA1.7. Diferenciáronse os tipos de cambios de cor.

CA1.9. Deseñouse a ficha da clientela.

CA1.11. Rexistráronse na ficha técnica os datos obtidos.

UD2: Preparación da área de traballo e das operacións previas aos cambios de cor

CA2.1. Identifícanse as instalacións onde se realizan os cambios de cor capilar.

CA2.2. Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.

CA2.3. Identifícanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros compañeiras de traballo, e superiores.

CA2.4. Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.

CA2.5. Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela.

CA2.6. Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.

CA2.7. Caracterizáronse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de cambios de cor. CA2.8. Identifícanse as normas de hixiene e desinfección imprescindibles na área de cambios de cor.

CA2.9. Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis adecuados á área de cambios de cor.

CA2.10. Preparouse a área de traballo para os cambios de cor.

CA2.11. Recoñecéronse os utensilios, os materiais e os equipamentos necesarios para os cambios de cor.

CA2.12. Xustificouse a selección de cosméticos para o cambio de cor.

CA2.13. Xustificouse a selección produto oxidante segundo as características do pelo.

CA2.14. Realizáronse os cálculos volumétricos para a dilución do oxidante en función das necesidades.

CA2.15. Realizouse a mestura dos cosméticos para o cambio de cor.

CA2.16. Establecéronse as condicións de seguridade e hixiene na preparación e na manipulación de cosméticos.

CA2.17. Determináronse os criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

UD3: Aplicación de medidas e técnicas previas

CA3.1. Especificáronse as medidas de acomodación e protección da persoa usuaria e da profesional.

CA3.2. Xustificouse a aplicación da proba de tolerancia á tintura.

- CA3.3. Identifícanse as pautas de aplicación da proba de tolerancia.
- CA3.4. Determináronse os casos en que estea indicado aplicar técnicas previas.
- CA3.5. Diferenciáronse e establecéronse as pautas de aplicación das técnicas previas.
- CA3.7. Aplicáronse as técnicas previas de mordente, prepigmentación ou decapaxe.

UD4:Aplicación de técnicas de coloración

- CA4.2. Identifícanse as fases do proceso da coloración temporal, semipermanente e permanente.
- CA4.3. Diferenciáronse as pautas de aplicación dos colorantes temporais, semipermanentes e permanentes.
- CA4.4. Relacionáronse os tipos de coloración temporal, semipermanente e permanente coas técnicas de aplicación.
- CA4.6. Estableceuse a secuencia dos pasos que cumpra seguir nas técnicas de coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo. CA4.7. Aplicáronse diversos tipos de técnicas de coloración parcial.
- CA4.8. Distinguíronse as técnicas complementarias nos procesos de coloración.
- CA4.9. Identifícanse as variables que determinan o proceso de coloración.
- CA4.10. Avaliouse o resultado obtido.
- CA4.11. Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

UD5:Aplicación de técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas

- CA5.1. Analizáronse os fundamentos da descoloración.
- CA5.2. Determináronse as fases do proceso de descoloración.
- CA5.3. Establecéronse as variables que afectan o proceso de descoloración.
- CA5.4. Identifícanse as técnicas de hidratación do cabelo postratamento.
- CA5.5. Aplicáronse cosméticos descolorantes sobre cabelo con cor natural e sobre cabelo tinguido.
- CA5.6. Relacionouse o grao de descoloración co tempo de exposición, como factor determinante do proceso.
- CA5.7. Utilizáronse diversas técnicas de descoloración para a realización de mechás.
- CA5.8. Realizáronse técnicas de retoques.
- CA5.9. Especificáronse as medidas de precaución e normas de seguridade.
- CA5.10. Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

UD6:Establecemento de pautas de asesoramento nos cambios de cor

- CA6.1. Relacionáronse as características do cabelo cos cosméticos de mantemento.
- CA6.3. Identificáronse as precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados.
- CA6.4. Propuxéronse medidas para mellorar o resultado do servizo.
- CA6.5. Determináronse os criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos.
- CA6.6. Obtívose información sobre o grao de satisfacción da clientela.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Este módulo engloba as seguintes UD que se avaliarán da seguinte forma:

É requisito indispensable elaborar na práctica traballos das distintas técnicas e ter os coñecementos mínimos adquiridos de Coloración Capilar (como mínimo doce a vinte traballos prácticos de cada técnica).(Nota 5 para aproballo.

Os protocolos dos traballos técnicos a realizar na práctica (taller) primeiro faranse en manequíns, cos seus correspondentes peiteados: brusing, ahuecado, puntas volta, planchas, tenacillas, rulos, anelas etc. e despois en modelos.

Exames escritos-orais , traballos , probas prácticas ,traballos en grupo, esquemas, cuestionarios etc. reflexados nos mínimos esixibles, para poder aprobar este módulo.

Esta elaboración farase na clase antes da avaliación, e con una nota de 5 cada traballo.

Este módulo desenvolveráse ao longo de todo o curso, iráse intercalando as UD, co fin de que aprendan a realizar as distintas técnicas de Coloración Capilar e adquirir os coñecementos necesarios, con un mínimo de técnica, destreza e rapidez.

Preténdese que o alumno/a consiga un dominio nos cambios necesarios que teña que realizar na Coloración Capilar coa técnica correcta que lle permita alcanzar un mínimo de destreza na execución.

A cualificación final será un número inteiro do 1o 10, resultando de redondear os resultados obtidos.

Considerándose aprobados aqueles alumnos que obteñan una cualificación igual ou superior a 5.

Os porcentaxes cos que se formará a nota final será:

Alumno con avaliación continua

80% (traballos prácticos /probas prácticas ) actitude ante o módulo, profesor/a, comportamento: individual, colectivo e ante a clientela xa que realizamos traballos técnicos en modelos.(nota un 5 para aprobar )

20% (probas escritas ,orais, realización de traballos, esquemas, cuestionarios... nota un 5 para aprobar))

O número de traballos técnicos realizados polo alumno/a dependerá do ritmo da clase, e a diversidade do alumnado.

Será condición indispensable para superar o módulo aprobar as probas prácticas, orais, escrita, traballos, esquemas, cuestionarios... )

As probas prácticas realizaránse en modelos que traerán os alumnos/as.

O alumnado ten que acudir a clase provisto do seu uniforme, dúas toallas todo o material necesario para realizar os traballos na práctica, en perfecto estado de conservación e hixiene.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación/das partes non superadas:

Ó alumno que non supere alguna avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación, reforzo e fundamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Entrega do material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.

Comentario e análise do traballo empregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior dificultade para o alumno/a.

Actividades de recuperación:

80% (traballos técnicos realizados no taller, exames prácticos, nota un 5 para aprobar)

20%(proba escrita,oral,traballos individuais,en grupo, esquemas, cuestionarios...nota un 5 para aprobar)

As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.

De tódalas probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte, nota un 5 para aprobar.

Módulo pendente durante a terceira avaliación de segundo curso (período ordinario da FCT), caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, programaránselle actividades para a súa recuperación, e informaráselle do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

Necesario aprobar a proba teórica para pasar a proba práctica un 5 de nota. Na proba práctica ter un 5 de nota para aprobar o módulo.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ó alumnado con perda o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas.

Ó alumnado ten dereito a realizar una proba extraordinaria de avaliación previa final de módulo.

A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo, esta proba abarcará a totalidade da materia vista durante o curso.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo/directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Alumno/a con perda de avaliación continua:

80%(será una proba teórica-práctica)

20% (proba escrita, ou oral)

A proba teórico-práctica:

Duración 3 horas

Contido da proba:

Proba escrita, oral :coestións sobre os contidos conceptuais, ter un 5 de nota para poder facer a proba práctica.

Proba práctica: ter un 5 de nota para aprobar..

Selección, preparación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos, aparellos adecuados, manipulación dos produtos etc, para realizar o traballo práctico en condicións de Seguridade e Hixiene idóneas.

Realización de un ou varios traballos prácticos dos CA baseándose nos mínimos esixibles.

O/ alumno/a deberá traer varios modelos, material necesario, uniforme, dúas toallas para poder realiza-la proba práctica.

O alumno/a terá que aprobar con nota de 5 mínimo na parte teórica e práctica para poder aprobar o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

-Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.

-Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.

-Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

-Ademáis, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará una sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos e coñecer as características e a formación previa de cada un deles, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional corresponde.

O tratamento da diversidade nos ciclos non pode ter a mesma consideración que nas etapas educativas anteriores, donde se debe asegurar a tódolo alumnado a consecución do dereito a unha educación básica.

Sen embargo, non tódolos estudantes progresan por igual senon que algúns deles manifestan máis dificultades para o proceso de aprendizaxe e por elo, necesitan unha resposta educativa que lles permita progresar segundo as posibilidades de cada quen.

Esta atención a diversidade realízase dentro da aula.



A profesora utilizará as estratexias concretas a seguir con cada alumno/a, unha vez vista a realidade que ten de diante, así como os distintos ritmos de aprendizaxe, interese e coñecementos previos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos nos que o proceso de aprendizaxe nos sexa progresivo, é dicir, cando a avaliación positiva de unha unidade non implique a superación das deficiencias e erros anteriormente detectados, e, polo tanto, non poda levar implícita a recuperación das unidades anteriores, realizaránse actividades específicas de recuperación.

Cando algún alumno non alcance unha valoración suficiente en calquera dos conceptos avaliados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceránse actividades específicas de recuperación que realizarán ó longo das unidades seguintes.

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e capacidades implicados, en: resolución de cuestiona-rios, análise e solución de problemas e casos, traballos, informes, realización de estudos e exposicións, etc.

Así mesmo os alumnos que non accederon a F.C.T. teñen a obriga de asistir as clases de recuperación establecidas para cada módulo ata esta proba extraordinaria.

Dentro do grupo poder haber alumnado que non acade os obxectivos das actividades ou, pola contra que acaden sobradamente os obxectivos previstos. En ámbolos dous casos prantexaranse alternativas.

- Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

Unha actividade común para todo o alumnado coa finalidade de asimila-los mínimos esixibles

Unha actividade máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se profundice nos coñecementos adquiridos

Unha actividade máis sinxela cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

- Seguimentos máis de preto por parte do profesor /a do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

- Para o alumnado que non supere o módulo ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas xunto coa realización dalgunha das actividades das UD nas que non se acadaron os obxectivos previstos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Educación para a saúde.

É transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódolas unidades e ó longo de tódolo curso.

O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.

É importante cando estudiamos o tema de adoptar posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Destacar tamén os beneficios do exercicio físico: o noso sistema locomotor necesita exercicio para que as articulacións funcionen correctamente.

Importancia dunha boa alimentación para o noso pelo e pel. Resolver situación que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.

Educación do consumidor:

Pretendemos a responsabilidade dos alumnos como consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas, etc.). Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Educación para a igualdade entre os sexos:

Desde calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando usar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introducir a dimensión de igualdade.

Educación moral e cívica:

Desenvolver criterios de actuación que favorezcan a responsabilidade e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.

Identificar e valorar a importancia de responsabilidade, honestidade e xustiza no centro escolar e no mundo laboral.

Concienciarse da importancia tanto da propia liberdade como das obrigas de cara ós demais: compañeiros, superiores, clientes...

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores.

Pero para formar profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes, superiores... é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Conferencias de persoal especializado no módulo correspondente.
- Saldas educativas (congresos, exposicións, ferias: Exponor Oporto...)
- Cursos de formación de casas comerciais.
- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos/as...
- Visitas a Balnearios, fábricas de cosméticos...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

## 10. Outros apartados

### 10.1) Recomendacións xerais c. 2022-2023

Recomendacións xerais para a xestión de Covid-19 no ámbito educativo no curso 2023-2024:

Durante o curso 2023-2024 non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. No obstante, será preciso observar unha serie de recomendacións se é necesario :

1. Ventilación de espazos.
2. Hixiene de mans e hixiene respiratoria.
3. Uso de máscara.
4. Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19.